



RESOLUCIÓN R 4/2014 –TANATORIO AS BURGAS

Pleno:

D. Francisco Hernández Rodríguez, presidente
D. Fernando Cachafeiro García, vogal

En Santiago de Compostela, a 15 de xullo de 2014.

O Consello Galego da Competencia (CGC), coa composición arriba expresada e sendo relator D. Francisco Hernández Rodríguez, ditou a seguinte Resolución nos expedientes sancionadores acumulados S 1/ 2013 e S 5/2013 incoados en virtude da denuncia que con data 8 de marzo do 2012 tivo entrada na Subdirección de Investigación do Consello Galego da Competencia, presentada por Don XXXX, en nome e representación de Mémora Servicios Funerarios, S.L. contra Tanatorio As Burgas, S.L. por presuntas prácticas prohibidas pola Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia (LDC), consistentes na prohibición de acceso ás instalación do Tanatorio As Burgas de servizos de transporte funerario xestionados por outras empresas.

ANTECEDENTES DE FEITO

1. Con data 8 de marzo do 2012 tivo entrada na Subdirección de Investigación do Consello Galego de Competencia unha denuncia, presentada por Don XXXX, en nome e representación de Mémora Servicios Funerarios, S.L. contra Tanatorio As Burgas, S.L. por presuntas prácticas prohibidas, consistentes na prohibición de acceso ás instalación do Tanatorio As Burgas de servizos de transporte funerario xestionados por outras empresas.
2. Co obxecto de determinar se podían existir indicios de infracción, a Subdirección de Investigación do Consello Galego da Competencia, de conformidade co disposto no artigo 49.2 da LDC acordou levar a cabo unha información reservada, decidindo, tras o correspondente trámite de asignación, en data 9 de setembro de 2013, incoar os expedientes sancionadores S 1/ 2013 e S 5/2013, ao abeiro do disposto no artigo 49.1 LDC por apreciar indicios racionais da existencia de conductas prohibidas, o que foi notificado aos interesados en tempo e forma.
3. Con data 28 de febreiro de 2014, Tanatorio As Burgas, SL presentou unha solicitude de inicio do procedemento de Terminación Convencional e a suspensión dos dous procedementos sancionadores, S 1/2013 e S 5/2013, que estaba a instruir a Subdirección de Investigación. Co escrito de solicitude, Tanatorio As Burgas, SL achegou copia da Acta da Xunta Xeral Extraordinaria do Tanatorio As Burgas, que se celebrou o 15.01.2014, na que se recollía o acordo da Xunta Xeral da entidade polo que se derogaba o Regulamento de Réxime Interno e na que tamén se acordou o permiso de entrada nas súas instalación a todas as funerarias, sen excepción, que estivesen



legalmente constituídas e que cumprisen coas normas de funcionamento do Tanatorio As Burgas, SL.

4. En virtude da anterior solicitude e consonte ao disposto no artigo 52 LDC e do artigo 39 do Real Decreto 261/2008, polo que se aproba o Regulamento de Defensa da Competencia (RDC), a Subdirección de Investigación do Consello Galego da Competencia acordou o inicio das actuacións tendentes a terminación convencional nos procedementos sancionadores S 1/2013 e S 5/2013 e suspendeu a instrución dos mesmos ata que conclúan as negociacións (art. 37.1.g) LDC e art. 12.1.c) RDC). No referido Acordo, a Subdirección Xeral de Investigación estableceu a obriga de Tanatorio As Burgas, SL de presentar a súa proposta de compromisos no prazo de 20 DÍAS desde a notificación do mesmo.
5. Con data 12 de marzo do 2014, a Subdirección de Investigación remitiu ao Tanatorio As Burgas, S.L., un requirimento para que achegase o documento de compromisos destinado a poñer fin aos procedementos sancionadores números S 1/2013 e S 5/2013. A entidade requirida presentou escrito de compromisos en data 17 de marzo do 2014. A Dirección de Competencia da CNMC e a empresa denunciante (Mémora Servicios Funerarios, S.L) presentaron alegación ao antedito escrito de compromisos. Ambos interesados rexeitaron o escrito de compromisos presentado por Tanatorio As Burgas, S.L., considerándoo insuficiente para restablecer a competencia no mercado.
6. Á vista da documentación obrante no procedemento de terminación convencional, a Subdirección de Investigación considerou insuficientes e non admisibles os compromisos presentados por Tanatorio As Burgas, S.L., o que lle foi comunicado en data de 17 de marzo do 2014, requiríndolle á empresa denunciada en data 3 de abril do 2014 para que presentase un novo escrito de compromisos, o cal debería satisfacer, como mínimo, os seguintes requisitos:

“PRIMEIRO. Esta SUBDIC está de acordo con Mémora Servicios Funerarios, S.L., en que Tanatorio As Burgas deberá comprometerse a dar acceso ao Tanatorio As Burgas e a calesquera outros Tanatorios da súa propiedade a toda empresa funeraria, con capacidade legal para operar legalmente, que o solicite, en condicións obxectivas, viables, transparentes, non discriminatorias e iguais para todas as funerarias peticionarias, formen parte ou non do capital social do Tanatorio As Burgas, S.L., e das sociedades vinculadas aos mesmos, especialmente no que se refire ás tarifas aplicables. O acceso non poderá estar vinculado á contratación de salas ou doutros produtos ou servizos diferentes.

SEGUNDO. En atención a que foran expresamente excluídas no artigo 1 do derogado Regulamento Interno, Tanatorio As Burgas, S.L., comprométese a dar acceso a dito Tanatorio ou a calquera outro propiedade dos socios, nas condicións establecidas no apartado primeiro, as empresas funerarias Celanova, Funeraria Xinzo, S.L., Tanatorio Ourensano, La Saleta, Funeraria Galicia, La Paz Verín e Funeraria Ernesto Laso.



No caso de que algunha das empresas mencionadas tivese desaparecido por adquisición, fusión ou absorción, o compromiso de acceso esténdese á empresa sucesora.

TERCEIRO. En particular, Tanatorio As Burgas, S.L., comprométese a non executar ningunha conduta formal ou materialmente equivalente á citada no artigo 12 do derogado Regulamento Interno verbo das empresas funerarias non socias. Así pois, comprométese a non impor ás empresas funerarias non socias o uso obrigatorio ou prioritario dos tanatorios pertencentes ás sociedade Tanatorio As Burgas, nin a boicotealas ou sancionalas por ter escollido un Tanatorio diferente.

CUARTO. En particular, Tanatorio As Burgas, S.L., comprométese a non executar ningunha conduta formal ou materialmente equivalente á citada no artigo 14 do derogado Regulamento Interno verbo das empresas funerarias socias, que supoña boicot ou sanción no caso de que acudan a un Tanatorio diferente a algún dos que sexa titularidade de Tanatorio As Burgas, S.L.

QUINTO. Tanatorio As Burgas, S.L., comprométese a non aprobar ningún regulamento interno, norma de comportamento, código de conduta, acordo interno entre os socios ou similar que recolla condutas idénticas ou equivalentes no seu obxecto e/ou efecto ás que son obxecto do presente expediente sancionador.

SEXTO. Tanatorio As Burgas, S.L., cumprirá os compromisos solicitados nos catro puntos precedentes dende o momento en que seus escrito de compromisos sexa aceptado por esta SUBDIC.

SÉTIMO. Tanatorio As Burgas, S.L., comprométese a notificar os compromisos acadados co Consello Galego da Competencia a:

- a. As empresas funerarias socias de Tanatorio As Burgas, S.L.*
- b. Todas as empresas de servizos funerarios que teñan o seu domicilio social na provincia de Ourense*

OITAVO. Tanatorio As Burgas, S.L., comprométese a efectuar a notificación dos compromisos ás empresas de servizos funerarios no prazo de 10 días contados dende o seguinte a aquel no que reciba a notificación electrónica emitida pola SUBDIC e relativa á aceptación dos compromisos por parte desta Subdirección.

NOVENO. Tanatorio As Burgas, S.L., acreditará a esta SUBDIC o cumprimento exacto da obriga de notificación establecida nos puntos precedentes por un medio que garanta a súa fehaciencia. Por exemplo, incluír a esta SUBDIC no correo electrónico dirixido ás empresas funerarias no que se adxunten os compromisos e remisión ao enderezo electrónico da



SUBIC dos correos que acrediten a recepción conforme polos destinatarios. Para aqueles destinatarios que carezan de enderezo electrónico, mediante a remisión á SUBDIC dos acuses de recibo nos que figure claramente como obxecto “cumprimento dos compromisos asumidos co Consello Galego da Competencia.”

7. Con data 10 de abril do 2014 recibíuse na Subdirección de Investigación o segundo escrito de compromisos do Tanatorio As Burgas, asinados polo Presidente e Vicepresidente da sociedade de responsabilidade limitada do mesmo nome. No seu encabezamento, o escrito limita os compromisos ao procedemento de infracción número S1/2013.
8. Con data 29 de abril de 2014, a denunciada remitíu un novo escrito, asinado igualmente polo Presidente e Vicepresidente de Tanatorio As Burgas, S.L., no que aluden a un erro material do anterior documento manifestando que estendía tamén os compromisos ao procedemento infractor S 5/2013.
9. Nos referidos escritos da denunciada, os seus representante reproducen as condicións mínimas solicitadas pola Subdirección de Investigación no seu segundo requirimento de 3 de abril do 2014.
10. Con data 5 de maio de 2014, a Subdirección de Investigación elevou a súa proposta de terminación convencional ao Pleno do Consello Galego da Competencia, manifestando que, ao seu xuízo, os compromisos ofrecidos por Tanatorio As Burgas, S.L., respondían aos requirimentos mínimos que lle comunicara a propia Subdirección de Investigación, eran suficientes para resolver os efectos sobre a competencia derivados das condutas obxecto do expediente e para que quede garantido o interese público.
11. Para a súa efectividade, os compromisos deberán ser aprobados polo Consello Galego da Competencia e incorporados á resolución que poña fin ao procedemento, momento tralo cal serán vencellantes (art. 52 LDC). Para garantir o cumprimento dos compromisos, a Subdirección de Investigación exercerá as funcións de vixilancia, ao abeiro do disposto no artigo 41 LDC.
12. Con data 6 de xuño de 2014, o Pleno do Consello Galego da Competencia acordou a acumulación de ambos os dous expedientes de xeito que procedera ditar unha única resolución, atendendo a razóns de economía procesal e que gardan entre eles conexión directa esixida polo artigo 29 do Regulamento de defensa da competencia aprobado polo Real decreto 261/2008, do 22 de febreiro, e que presentan “identidade substancial ou íntima conexión”, de conformidade co establecido no artigo 73 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
13. O Pleno do CGC deliberou e pronunciouse sobre o presente asunto en reunións celebradas o día 4 de xullo de 2014.
14. Son interesados neste expediente:



- Tanatorio As Burgas, S.L.
- Tanatorio Orensano, Sl.
- A Dirección de Investigación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1. Obxecto do expediente

1. Dentro das funcións de resolución atribuídas ao Pleno do CGC, o artigo 52.1 da LDC dispón que este poderá resolver, por proposta da Subdirección de Investigación, a terminación convencional do procedemento sancionador incoado cando os presuntos infractores propoñan compromisos que resolvan os efectos sobre a competencia derivados das condutas obxecto do expediente e quede suficientemente garantido o interese público.
2. Neste caso, a conduta obxecto do expediente sancionador suscitouse con motivo das prácticas na xestión do tanatorio que explota a denunciada, consistentes na prohibición de acceso ás instalación do Tanatorio As Burgas de servizos de transporte funerario xestionados por outras empresas.

2. Valoración preliminar da conduta imputada á denunciada

1. Os feitos denunciados, consistentes na prohibición de acceso ás instalación do Tanatorio As Burgas de servizos de transporte funerario xestionados por outras empresas, constitúen unha práctica prohibida pola Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, na meddia en que afecta ao funcionamento competitivo do mercado de servizos funerarios no ámbito de referencia, sendo este mercado, pese aos esforzos do lexislador pola súa liberalización, un mercado onde os niveis de competencia non son, polo xeral, satisfactorios dabondo, sendo preciso non so garantir, senón mesmo potenciar e promover as condicións de competencia efectiva nos termos máis amplos posibles.
2. O Pleno do CGC comparte a valoración que efectúa a Sundirección de Investigación dos compromisos ofrecidos pola denunciada co obxecto de promover niveis aceptables de competencia no mercado de referencia, entendendo así mesmo que o seu coñecemento público poderá ter efectos beneficiosos cara a xeralización da consciencia no sector de cáles son as boas e as malas prácticas, e das graves conscuencia que estas últimas teñen non só para o funcionamento do mercado en detrimento do desexable e posible bienestar dos consumidores, senón para as propias empresas infractoras, que terán que afrontar expedientes sancionadores coa imposición de importantes sancións económicas.
3. O Pleno comparte o criterio da Subdirección de Investigación no sentido de que os compromisos acadados pola denunciada son suficientes para resolver os efectos sobre a



competencia derivados das conductas obxecto do expediente e para garantir o interese público.

3. Valoración dos compromisos presentados pola denunciada para restablecer os niveis de competencia efectiva no mercado

1. O artigo 52 da LDC dispón que os compromisos presentados polas partes deben ser aptos para: a) resolver os efectos sobre a competencia derivados das condutas obxecto do expediente, e b) garantir suficientemente o interese público. A estes efectos, a *Comunicación da Comisión Nacional da Competencia sobre terminación convencional de expedientes sancionadores* afirma que debe valorarse se os compromisos presentados efectivamente resolven de xeito claro e inequívoco os problemas de competencia detectados; poidan pórse en práctica de xeito rápido e efectivo; e a vixilancia do seu cumprimento e da súa efectividade é viable.
2. A proposta de compromisos presentada pola denunciada, froito da intensa negociación matida coas partes pola Subdirección de Investigación deste Consello Galego da Competencia, a cuxos requirimentos responde afirmativamente a denunciada, e que foron os seguintes (subraiado engadido polo Pleno para resaltar os compromisos concretos asumidos):

PRIMEIRO. Esta SUBDIC está de acordo con Mémora Servicios Funerarios, S.L., en que Tanatorio As Burgas deberá comprometerse a dar acceso ao Tanatorio As Burgas e a calesquera outros Tanatorios da súa propiedade a toda empresa funeraria, con capacidade legal para operar legalmente, que o solicite, en condicións obxectivas, viables, transparentes, non discriminatorias e iguais para todas as funerarias peticionarias, formen parte ou non do capital social do Tanatorio As Burgas, S.L., e das sociedades vinculadas aos mesmos, especialmente no que se refire ás tarifas aplicables. O acceso non poderá estar vinculado á contratación de salas ou doutros produtos ou servizos diferentes.

SEGUNDO. En atención a que foran expresamente excluídas no artigo 1 do derogado Regulamento Interno, Tanatorio As Burgas, S.L., comprométese a dar acceso a dito Tanatorio ou a calquera outro propiedade dos socios, nas condicións establecidas no apartado primeiro, as empresas funerarias Celanova, Funeraria Xinzo, S.L., Tanatorio Ourensano, La Saleta, Funeraria Galicia, La Paz Verín y Funeraria Ernesto Laso.

No caso de que algunha das empresas mencionadas tivese desaparecido por adquisición, fusión ou absorción, o compromiso de acceso esténdese á empresa sucesora.

TERCEIRO. En particular, Tanatorio As Burgas, S.L., comprométese a non executar ningunha conduta formal ou materialmente equivalente á citada no artigo 12 do derogado Regulamento Interno verbo das empresas funerarias non socias. Así pois, comprométese a non impor ás empresas funerarias non socias o uso obrigatorio ou prioritario dos tanatorios



pertencentes ás sociedade Tanatorio As Burgas, nin a boicotealas ou sancionalas por ter escollido un Tanatorio diferente.

CUARTO. En particular, Tanatorio As Burgas, S.L., comprométese a non executar ningunha conduta formal ou materialmente equivalente á citada no artigo 14 do derogado Regulamento Interno verbo das empresas funerarias socias, que supoña boicot ou sanción no caso de que acudan a un Tanatorio diferente a algún dos que sexa titularidade de Tanatorio As Burgas, S.L.

QUINTO. Tanatorio As Burgas, S.L., comprométese a non aprobar ningún regulamento interno, norma de comportamento, código de conduta, acordo interno entre os socios ou similar que recolla condutas idénticas ou equivalentes no seu obxecto e/ou efecto ás que son obxecto do presente expediente sancionador.

SEXTO. Tanatorio As Burgas, S.L., cumprirá os compromisos solicitados nos catro puntos precedentes dende o momento en que seus escrito de compromisos sexa aceptado por esta SUBDIC.

SÉTIMO. Tanatorio As Burgas, S.L., comprométese a notificar os compromisos acadados co Consello Galego da Competencia a:

- c. As empresas funerarias socias de Tanatorio As Burgas, S.L.
- d. Todas as empresas de servizos funerarios que teñan o seu domicilio social na provincia de Ourense

OITAVO. Tanatorio As Burgas, S.L., comprométese a efectuar a notificación dos compromisos ás empresas de servizos funerarios no prazo de 10 días contados dende o seguinte a aquel no que reciba a notificación electrónica emitida pola SUBDIC e relativa á aceptación dos compromisos por parte desta Subdirección.

NOVENO. Tanatorio As Burgas, S.L., acreditará a esta SUBDIC o cumprimento exacto da obriga de notificación establecida nos puntos precedentes por un medio que garanta a súa fehaciencia. Por exemplo, incluír a esta SUBDIC no correo electrónico dirixido ás empresas funerarias no que se adxunten os compromisos e remisión ao enderezo electrónico da SUBIC dos correos que acrediten a recepción conforme polos destinatarios. Para aqueles destinatarios que carezan de enderezo electrónico, mediante a remisión á SUBDIC dos acuses de recibo nos que figure claramente como obxecto “cumprimento dos compromisos asumidos co Consello Galego da Competencia.”



3. A xuízo do Pleno do CGC, os compromisos eliminan os efectos restritivos da competencia no mercado de referencia, garantido o interese público.

En virtude de todo o anterior, o Pleno do CGC coa composición recollida ao principio, vistos os preceptos citados e os demais de xeneral aplicación,

RESOLVE

Primeiro: Acordar a Terminación Convencional dos Expedientes sancionadores acumulados S 1/ 2013 e S 5/2013, por considerar adecuados os compromisos presentados pola denunciada Tanatorio As Burgas, Sl, consistentes en:

1. Dar acceso ao Tanatorio As Burgas e a calesquera outros Tanatorios da súa propiedade a toda empresa funeraria, con capacidade legal para operar legalmente, que o solicite, en condicións obxectivas, viables, transparentes, non discriminatorias e iguais para todas as funerarias peticionarias, formen parte ou non do capital social do Tanatorio As Burgas, S.L., e das sociedades vinculadas aos mesmos, especialmente no que se refire ás tarifas aplicables. O acceso non poderá estar vinculado á contratación de salas ou doutros produtos ou servizos diferentes.

2. Dar acceso a dito Tanatorio ou a calquera outro propiedade dos socios, nas condicións establecidas no apartado primeiro, as empresas funerarias Celanova, Funeraria Xinzo, S.L., Tanatorio Ourenzano, La Saleta, Funeraria Galicia, La Paz Verín e Funeraria Ernesto Laso.

No caso de que algunha das empresas mencionadas tivese desaparecido por adquisición, fusión ou absorción, o compromiso de acceso esténdese á empresa sucesora.

3. En particular, Tanatorio As Burgas, S.L., comprométese a non executar ningunha conduta formal ou materialmente equivalente á citada no artigo 12 do derogado Regulamento Interno verbo das empresas funerarias non socias. Así pois, comprométese a non impor ás empresas funerarias non socias o uso obrigatorio ou prioritario dos tanatorios pertencentes ás sociedade Tanatorio As Burgas, nin a boicotealas ou sancionalas por ter escollido un Tanatorio diferente.

4. En particular, Tanatorio As Burgas, S.L., comprométese a non executar ningunha conduta formal ou materialmente equivalente á citada no artigo 14 do derogado Regulamento Interno verbo das empresas funerarias socias, que supoña boicot ou sanción no caso de que acudan a un Tanatorio diferente a algún dos que sexa titularidade de Tanatorio As Burgas, S.L.



5. Tanatorio As Burgas, S.L., comprométese a non aprobar ningún regulamento interno, norma de comportamento, código de conduta, acordo interno entre os socios ou similar que recolla condutas idénticas ou equivalentes no seu obxecto e/ou efecto ás que son obxecto do presente expediente sancionador.

6. Tanatorio As Burgas, S.L., aceptou o cumprimento dos compromisos adquiridos nos catro puntos precedentes dende o momento en que os seus escritos de compromisos foron aceptado pola SUBDIC.

O Pleno ratifica esta data como inicio do cumprimento deste compromisos.

7. Tanatorio As Burgas, S.L., comprométese a notificar os compromisos acadados co Consello Galego da Competencia a:

- e. As empresas funerarias socias de Tanatorio As Burgas, S.L.
- f. Todas as empresas de servizos funerarios que teñan o seu domicilio social na provincia de Ourense

8. Tanatorio As Burgas, S.L., comprométeuse a efectuar a notificación dos compromisos ás empresas de servizos funerarios no prazo de 10 días contados dende o seguinte a aquel no que recibira a notificación electrónica emitida pola SUBDIC e relativa á aceptación dos compromisos por parte da Subdirección de Investigación.

O Pleno ratifica esta data como inicio do cumprimento deste compromisos.

9. Tanatorio As Burgas, S.L., acreditará a esta SUBDIC o cumprimento exacto da obriga de notificación establecida nos puntos precedentes por un medio que garanta a súa fehaciencia. Por exemplo, incluír a esta SUBDIC no correo electrónico dirixido ás empresas funerarias no que se adxunten os compromisos e remisión ao enderezo electrónico da SUBIC dos correos que acrediten a recepción conforme polos destinatarios. Para aqueles destinatarios que carezan de enderezo electrónico, mediante a remisión á SUBDIC dos acuses de recibo nos que figure claramente como obxecto “cumprimento dos compromisos asumidos co Consello Galego da Competencia.

Estes compromisos son vinculantes para as partes nos termos establecidos no artigo 52.2 da Lei 15/2007, e o seu incumprimento constitúe unha infracción grave de acordo co disposto no artigo 62.4.c) da mesma.

Segundo: Instar a Tanatorio As Burgas, SL, a que acredite documentalmente o cumprimento dos termos da presente terminación convencional



Terceiro: Encomendar á SUBDIC a vixilancia desta Resolución de terminación convencional e, polo tanto, dos compromisos propostos e das obrigas impostas para o eficaz cumprimento daqueles.

Comuníquese esta Resolución á Subdirección de Investigación do CGC e notifíquese aos interesados facéndolles saber que contra esta non cabe recurso ningún en vía administrativa, podendo interpoñer recurso contencioso-administrativo nos termos previstos na *Lei 29/1998, do 13 de xuño, reguladora da xurisdición contencioso administrativa*, o cal -por imperativo do artigo 31.2 da *Lei 1/2011, do 28 de febreiro, reguladora do Consello Galego da Competencia* - ha de interpoñerse ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.”